

MODELO I. MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E AO QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.

Servizo de Urbanismo e Infraestruturas

PRESTACIÓN CUXA CONTRATACIÓN SE PROPÓN (OBXECTO DO CONTRATO)

O obxecto do contrato de servizos é a asistencia técnica para a realización dos traballos de **Análise e estudo da evolución da cidade de Ferrol a través do seu patrimonio MMI (WP4) e Elaboración do Plan Director e Plan de Xestión do patrimonio MMI do Concello de Ferrol (WP5)** (*Recovery and Valorization of Maritime, Military and Industrial Heritage of the Atlantic Area Coast*) en relación co programa de fondos europeos Interreg Espazo Atlántico que lidera o Concello de Ferrol e no que participan como socios Plymouth City Council, Pôle métropolitain Caen Normandie métropole, Câmara Municipal de Ílhavo, Ayuntamiento de Cádiz, Ville de La Rochelle, Comhairle Cathrach Chorcaí, Liverpool City Region.

NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACION DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (COMPETENCIA MUNICIPAL).

O proxecto MMIAH, cofinanciado pola Unión Europea e o FEDER no marco da primeira convocatoria do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico, ten como obxectivo a posta en valor do bordo litoral urbano da área atlántica a través da recuperación de bens en desuso asociados ao patrimonio militar, marítimo e industrial das cidades costeiras, facilitar o uso social dos mesmos e xerar actividades de valor engadido en torno a eles co fin de promover o turismo cultural como factor de sostibilidade económica.

Estes traballos se encadran, entre outras, dentro das obrigas que corresponden á administración municipal en relación co patrimonio cultural existente no seu territorio. Así, segundo establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia no seu artigo 3 relativo á *Colaboración interadministrativa*:

“[...]”

2. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de:

a) *Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.*

“[...]”

Entre os “paquetes de traballo” previstos no proxecto aprobado pola Unión Europea se atopan a Análise e estudo da evolución da cidade de Ferrol a través do seu patrimonio MMI (WP4) e a Elaboración do Plan Director e Plan de Xestión do patrimonio MMI do Concello de Ferrol (WP5).

Dada a insuficiencia de persoal propio para desenvolver os traballos citados dada a carga de traballo existente no Servizo de Urbanismo, resulta precisa a contratación externa dunha asistencia técnica integrada por especialistas en diversas materias para a elaboración dos documentos citados, que servirán de base para o posterior desenvolvemento das seguintes fases do proxecto.

IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE

O obxecto e contido do contrato a desenvolver por medio desta asistencia técnica son os seguintes:

WP4. Análise e estudo da evolución da cidade de Ferrol a través do seu patrimonio MMI

O traballo a desenvolver consistirá na análise e estudo da evolución da cidade de Ferrol a través do tempo, tomando como referencia para iso o seu patrimonio marítimo, militar e industrial.

Como base deste traballo foi elaborada xa unha metodoloxía conxunta a aplicar por todos os socios participantes no proxecto para a análise e estudo das cidades a través do seu patrimonio MMI, en base á cal deberá desenvolverse a propia análise e estudo da evolución da cidade de Ferrol (adxuntarase copia da citada metodoloxía ao presente documento).

O traballo desenvolverá fundamentalmente as seguintes tarefas:

- Revisión e remate do Inventario de bens MMI con potencial valor patrimonial, conforme ao sinalado no documento de metodoloxía
- Estudo da evolución e desenvolvemento da cidade de Ferrol a través do seu patrimonio MMI

WP5. Elaboración do Plan Director e Plan de Xestión do patrimonio MMI

O traballo a desenvolver consistirá na elaboración dun Plan Director e un Plan de Xestión para o patrimonio MMI, baseándose para iso no traballo previamente realizado de inventario de bens e estudo evolutivo da cidade, e nas bases do proxecto MMIAH.

Para iso as principais labores a desenvolver serán:

- Análise e recopilación nun portafolio de boas prácticas a nivel internacional na recuperación, xestión e implantación de novos usos sobre bens patrimoniais abandonados. Contarase para este traballo coas achegas a realizar polo resto de socios do proxecto MMIAH.
- Selección de dez exemplos de boas prácticas de recuperación, xestión e implantación de novos usos sobre bens patrimoniais abandonados co obxecto de que sirva de base para o desenvolvemento dos Plans Directores por parte de cada un dos socios internacionais do proxecto.
- Elaboración do Plan Director para a conservación, reconversión e redefinición de usos do patrimonio MMI en Ferrol tendo en conta as posibles partes interesadas, como os propietarios dos bens, a administración de patrimonio cultural, medio ambiente, accesibilidade, etc. Dada a imposibilidade de abranguer neste traballo a totalidade do patrimonio MMI do concello dentro do tempo e orzamento dispoñible, o seu desenvolvemento centrarase no ben cultural ou área a decidir polo Concello de Ferrol en coordinación co adxudicatario en base aos traballos previos realizados dentro do presente proxecto, e co foco posto nos obxectivos finais deste.
- Elaboración do Plan de Xestión para a conservación e reconversión do patrimonio MMI do Concello de Ferrol, a partir do Plan Director previamente elaborado e o plan de usos, incluíndo a área ou lista concreta de bens que requiren actuacións, propostas de intervención para esas áreas ou bens e os seus contornos, e un plan de mantemento para cada un deles. Dada a imposibilidade de abranguer neste traballo a totalidade do patrimonio MMI do concello dentro do tempo e orzamento dispoñible, o seu desenvolvemento centrarase no ben cultural ou área a decidir polo Concello de Ferrol en coordinación co adxudicatario en base aos traballos previos realizados dentro do presente proxecto, e co foco posto nos obxectivos finais deste.

O equipo adxudicatario, durante a duración do contrato, estará integrado no equipo transnacional de expertos composto por persoal de cada un dos socios participantes no proxecto, co fin de acadar un resultado coherente no traballo a redactar por todos eles, para o cal pode ser preciso manter contactos telefónicos, por videoconferencia, correo electrónico, etc.

Coa realización dos traballos citados darase resposta ao requirido no proxecto aprobado pola Unión Europea, servindo posteriormente como base para o desenvolvemento do resto de “paquetes de traballo” previstos no proxecto.

XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 99.3 LCSP

A natureza do contrato, que contempla traballos de tipo intelectual, non permite a súa división en lotes, posto que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución deste desde o punto de vista técnico. Todas as labores a realizar se atopan intimamente ligadas, dependendo unhas dos resultados das outras, e por tanto non se considera axeitada a súa contratación por lotes independentes.

XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, CANDO SEXA DISTINTO DO PROCEDIMIENTO ABERTO OU RESTRINXIDO E/OU XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓNS QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URXENTE OU ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 119 LCSP E NA DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª.2, RESPECTIVAMENTE

Dado que se tratará dun contrato de Prestación de Servizos de tipo intelectual cun orzamento inferior a 100.000 euros sen IVE, proponse a súa contratación polo procedemento aberto simplificado.

Ferrol, na data da sinatura dixital.

O xefe da Oficina Técnica de Urbanismo
Jose Luis Espada Golpe